


OS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE PALAS DE REI

XERARDO PEREIRO PÉREZ
Equipo de investigación
"Pallatium Regis Witiiza"

Este traballo foi posible gracias a unha subvención da Sección de Etnografía da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental - Xunta de Galicia, a un estudio sobre a Arquitectura Popular do Concello de Palas de Rei.

O traballo de campo foi levado a cabo por Ana Rúa Viña (historiadora), Xerardo Pereiro Pérez (antropólogo social), e outros colaboradores esporádicos.

Fixeron os dibuxos e os planos: Rut Martínez López de Castro (Belas Artes), Belén da Riva López (Arquitectura), e Julio Gómez (Artes Aplicadas). Parte dos resultados da investigación serán expostos nunha Mostra Cultural na Casa de Cultura de Palas de rei, do 19 ao 31 de agosto do 1994.



Mapa elaborado por José Manuel Pérez Paredes

INTRODUCCIÓN

Elías Valiña Sampedro, no Inventario artístico de Lugo y su provincia, ⁽¹⁾, en relación co municipio de Palas de rei só nomea 16 "cruceiros", pero sen deterse en describir ningun deles; como veremos ao longo destas páxinas o seu número é maior, e trataremos de aproximarnos un pouquiño aos mesmos, sendo conscientes de que non esgotaremos o tema de estudio.

Como decíamos Elías Valiña Sampedro sinala 16 cruceiros dos cales fai unhas valoracións que me gustaría apuntar como punto de partida.

Da parroquia de Albá sinala, ⁽²⁾, "Cercano a la iglesia un cruceiro mutilado, con mesa para la bendición con el Santísimo el día del Corpus, hasta donde llega la procesión".

Na de san Xulián do Camiño, ⁽³⁾, sinala: "cercano a la iglesia hay un cruceiro sencillo, de granito".

En San Miguel de Coence, ⁽⁴⁾, di: "Un cruceiro sencillo cerca de la iglesia".

Do de Curbián, ⁽⁵⁾, afirma: "Cruceiro cerca de la iglesia, sencillo".

En Laia, ⁽⁶⁾, "Camino de la iglesia, como mojón orientador, se halla un buen cruceiro".

Do de Maceda, ⁽⁷⁾, "Cerca de la iglesia, a la vera del camino, un cruceiro, sobre dos grandes bloques de granito".

No Mato, ⁽⁸⁾, "Cruceiro en las proximidades del templo".

En Meixide, ⁽⁹⁾, "Cruceiro cercano a la iglesia".

De Orosa, ⁽¹⁰⁾, "Un cruceiro, moderno, sencillo, cerca de la iglesia".

Do da Pontemercé-Pidre, ⁽¹¹⁾, "Un humilde cruceiro".

En Remonde, ⁽¹²⁾, "En las afueras del poblado, un tosco cruceiro".

Do de Leilón, (San Cibrao da Repostería), ⁽¹³⁾, describe: "De Leilón, sencillo, en medio de grandes y vetustos robles".

Así dibuxa o de Ribeira, ⁽¹⁴⁾, "Un cruceiro cerca de la iglesia, sencillo, con Cristo y la Dolorosa, ésta cubierta por un manto que la cubre de la cabeza a los pies".

Do de Salaia, ⁽¹⁵⁾, di: "Atrio-cementerio en torno al templo. Cerca un cruceiro".

En Sambreixo, ⁽¹⁶⁾, sinala: "Un cruceiro preside el acceso al poblado".

E en Vilareda, ⁽¹⁷⁾, afirma: "Circunda el atrio un vía-crucis de piedra. Frente a la iglesia un cruceiro sencillo".

1.-Inventario Artístico de Lugo y su Provincia, tomos I-IV, Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid, 1975.

2.-Ob. Cit., tomo I, páx. 46.

3.-Ob. Cit., tomo I, páx. 332.

4.-Ob. Cit., tomo II, páx. 188.

5.-Ob. Cit., tomo II, páx. 260.

6.-Ob. Cit., tomo III, páx. 336.

7.-Ob. Cit., tomo IV, páx. 37.

8.-Ob. Cit., tomo IV, páx. 99.

9.-Ob. Cit., tomo IV, páx. 131.

10.-Ob. Cit., tomo IV, páx. 405.

11.-Ob. Cit., tomo V, páx. 136.

12.-Ob. Cit., tomo V, páx. 318.

13.-Ob. Cit., tomo V, páx. 326.

14.-Ob. Cit., tomo V, páx. 385.

15.-Ob. Cit., tomo V, páx. 461.

16.-Ob. Cit., tomo V, páx. 473.

17.-Ob. Cit., tomo VI, páx. 367.

A DATACIÓN DOS CRUCEIROS DE PALAS

Na voz "cruceiro" do Dicionario Xerais da Língua, dise:

"1. Cruz monumental de pedra que se colocaba nas encrucilladas, á beira dos camiños, nas lindes das parroquias ou nos adros das igrexas, sobre unha longa columna (ou varal) asentada sobre unha plataforma escalonada; poden ser lisas ou levar figuras no anverso ou no reverso".

Polo tanto ao que nos imos referir neste traballo é aos cruceiros, e non ás cruces de mármore ou pedra das nosas igrexas e atrios, nen ás cruces, de prata xeralmente, parroquiais, nen ás de madeira, que pola zona de estudio se colocaban no lugar donde ocurría unha morte, se era no exterior dunha casa vivenda.

En primeiro lugar vexamos cales son os cruceiros dos cales temos coñecemento da data da súa construción:

-O do Vilaríño (Augasantas), que ten unha inscrición no pedestal que o data no 1911.

-O de Filgueiram cunha inscrición no pedestal do 1947 e o testimonio oral dunha informante.

-O de Laia, en cuio pedestal ten varias inscricións grabadas, nunha das cales escribe: AÑO DE 1861.

-O de Lestedo no seu pedestal lee: MISIÓN DE LESTEDO AÑO DE 1860.

-Nun lateral do pedestal do de Quíndimil dibuxa: AÑO DE 1836.

Datacións menos precisas, pero sí de grande valor son as do cruceiro de San Mamede de Coence, en cuio pedestal unha inscrición sinala: 187?, a última cifra está mui erosionada e non nos atrevemos a aventurar cal é.

No da Puxeda ocorre outro tanto, leemos 187?, a última cifra semella un cero, pero está mui labrada pola erosión.

Do cruceiro de Ribeira temos o testimonio oral dun informante que sinala que foi construído fai sesenta anos aproximadamente, o que nos leva a situalo a mediados dos anos 30 deste século XX.

Do cruceiro da carballeira de Vilar donas di José María Laredo-Verdejo, ⁽¹⁸⁾, que debe ser obra da segunda metade do século XVIII, durante o apoxeo das construcións eclesiásticas en Galicia; di tamén que seguramente estaría policromado, como era normal.


Aventurar a data de construción dos outros cruceiros non datados supón un estudo comparativo de forma e estilo. A relación coas igrexas e capelas é fundamental para entender a construción dos cruceiros, pero sempre destacando que as igrexas do municipio de Palas, son a súa inmensa maioría de construción orixinal anterior aos cruceiros.

Cómpre lembrar o que Castelao ⁽¹⁹⁾ decía dos cruceiros bretóns: "Cáseque tódolos cruceiros plantados no decorrer do século derradeiro son debidos ás Misións, como pode comprobarse lendo as inscricións grabadas na base".

18.-LAREDO-VERDEJO, J. M.: Cruceiro de Vilar de Donas, Sección Galicia, La Voz de Galicia, 19-9-92.

19.-RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: As cruces de pedra na Bretaña. Ed. Galaxia, Vigo 1992; páx. 28.

MAPA DA COMARCA DA ULLOA, tomado de Rubén Camilo Lois González: A Gandería na Ulloa, C. de Agricultura, 1988.





Cruceiro de Albá

O CRUCEIRO DE ALBÁ, (SANTIAGO)

Localización: Na aldea da parroquia do mesmo nome, a 3,5 Qms., ao Suloeste da vila de Palas. Situado fóra do atrio-cemiterio, perto do lado da cabeceira da igrexa parroquial, (Románica, de fins do século XII). A poucos metros hai un peto de ánimas en desuso.

Coordenadas: 42 50 50 N 7 53 12 O Cartografía 96-44.

Descripción: Sobre unha escaleira de pranta cuadrangular e tres gradas, aséntase un pedestal cúbico e unha mesa de pedra; sobre o pedestal, un fuste prismático octogonal coroado por un capitel de molduras cóncavo-convexas sobre o cal hai unha sinxela cruz con figuración, a Crucifixión de Cristo nun lado e a Virxen orante co cálice no outros.

Aspectos sociais: A procesión do Santiago, (25 de xullo), sae da igrexa pola porta principal, xira á esquerda polo atrio, da volta ao cruceiro e volve pola outra parte do atrio cara a porta da fachada, nun percorrido circular.

No lugar da Boavista, (Coence-San Miguel), no cruce de camiños había un cruceiro; ao sitio aínda se lle chama hoxe "O Cruceiro", trasladado para Albá polo "Cura da Torre de Pambre", don José Moreiras, antes xa do 1913. Segundo di un informante, (home, 81 anos), de San Miguel de Coence.



Cruceiro do Vilariño-Augasantas

O CRUCEIRO DE VILARIÑO AUGASANTAS (SAN XORXE)


Localización: Na aldea de Vilariño, a 14,5 Qms., ao Norte da Vila da Palas, nunha carballeira a 50 mts., da aldea.

Coordenadas: 42 58 38 N 7 51 28 O Cartografía 96-14.

Descrición: Cruceiro sobre unha base cuadrangular de dúas gradas e un pedestal cúbico cun texto grabado en pedra polo seu lado Norte, no anverso, con restos de policromía e co seguinte texto:

ESTE
EDIFICIO POR
DOMINGO GARCÍA
AÑO 1911

O fuste é prismático, octogonal e remata nun sobrio capitel troncopiramidal invertido, coroadado por unha pequena cruz sen figuración e que abre os seus brazos octogonais ao Norte e ao Sul.



Cruceiro de Berbetouros

O CRUCEIRO DE BERBETOUROS, (SAN MIGUEL)


Localización: No lugar de Berbetouros, a 7,5 Qms., ao Norleste da vila de Palas. Situado fóra do atrio da igrexa, (de orixen románica), no seu lado Sul, perto da estrada a Palas.

Coordenadas: 42 55 24 N 7 48 11 O Cartografía 97-21.

Descrición: Sobre unha base circular érguese un fuste prismático, (148 cms. de alto), que remata nun capitel hexagonal decorado por anxos en mal estado de conservación; sobre o capitel colócase unha cruz con grabacións de difícil lectura, e o Crucificado en baixorelevo.

Foi derrubado a mediados do 1993, e agora dúas grapas de ferro corrompen a pedra de gra. No pedestal ten unha inscrición grabada de difícil lectura, pero que parece ter as iniciais: N.T.J.I.

Aspectos sociais: A procesión do San Miguel, (29 de setembro), da volta ao cruceiro e logo ao atrio no senso de dereita a esquerda, para logo voltar a entrar no templo.



Cruceiro de Cabana


O CRUCEIRO DE CABANA, (SANTIAGO)

Localización: Na aldea de Cabana, na parroquia do mesmo nome, a 6,5 Qms., ao Suloeste da vila de Palas. Perto do atrio antes do 1936, pero a construción dun camiño, ("desanche"), provocou o seu cambio ao actual sitio, a un cento de metros da igrexa parroquial, o camiño fíxoo o cura párroco.

Coordenadas: 42 50 40 N 7 56 07 O Cartografía 96-44.

Descrición: A base do cruceiro está formada por unha pequena escaleira de pranta cuadrangular de tres gradas, un pedestal cúbico e unha mesa de pedra alongada asentan un fuste prismático octogonal coroado por un capitel troncopiramidal invertido e unha sobria cruz.

Aspectos sociais: A procesión daba a volta ao atrio e ao cruceiro, pero fai 16 anos que só da a volta ao cruceiro para regresar ao templo.



Cruceiro de San Xulián do Camiño


O CRUCEIRO DE SAN XULIÁN DO CAMIÑO

Localización: Na aldea de San Xulián, a 3 Qms., ao Oeste da vila de Palas; o cruceiro atópase situado perto da igrexa parroquial, (románica, s. XII), pero fóra do seu atrio-ceminterio, nas inmediacións do Camiño Francés de Santiago. Xusto a carón do cruceiro unha fonte construída dentro do plan de melloras do Camiño de Santiago e que fai cambiar de significado ao seu espacio.

Coordenadas: 42 52 27 N 7 54 10 O Cartografía 96-44.

Descrición: Sobre unha escaleira de dous pasos de pranta cuadrangular e un pedestal cúbico ascende un fuste prismático, (222 cms., de altura), que remata nun capitel troncopiramidal invertido de molduras cóncavo-convexa, coroado por unha cruz cuíus extremos rematan en pequenos e recortados cilindros.

Aspectos sociais: A procesión, (San Xulián -7 de xaneiro / Virxe do Carme- o primeiro domingo de agosto), saía por unha porta lateral ía ata o cruceiro, donde daba volta e volvía a entrar na igrexa parroquial continuando o recorrido circular.



Cruceiro de San Mamede do Carballal

O CRUCEIRO DO CARBALLAL, (SAN

Localización: Na aldea de Xestrar, a 8 Qms., ao Norte da vila de Palas; no atrio-cemiterio da igrexa parroquial, (románica de comezos do século XIII), no lado da fachada.

Coordenadas: 42 55 00 N 7 53 50 O Cartografía 96-34.

Descrición: Cruceiro asentados sobre dunha grada, que asenta unha base ou pedestal cúbico a carón dunha pequena lápida en mármore enmarcada en pedra de gra e cuio texto é o seguinte:

JOSÉ RODRÍGUEZ
FALLECIÓ
EL 13 FEBRERO DE 1949
A LOS 72 AÑOS
D.E.P.

RECUERDO DE SU HIJO

Pero a lápida posterior oao cruceiro, cruceiro que non recordan a facer os máis vellos da parroquia; o fuste, (210 cms., de alto), octogonal, vólvese cúbico perto do sobrio capitel sen decoración, só con algunhas molduras; a cruz é simple, sen figuración.

Aspectos sociais: É un elemento importante nas procesións, que circunvalan o cruceiro e o atrio da igrexa, para voltar a entrar pola porta grande.



Cruceiro de San Sebastián do Carballal


O CRUCEIRO DO CARBALLAL, (SAN SEBASTIÁN)

Localización: Na aldea do Carballal, a 1,5 Qms., ao Oeste da vila de Palas. Situado nunha encrucillada de tres camiños a uns douscentos metros da igrexa parroquial.

Coordenadas: 42 52 12 N 7 53 11 O Cartografía 96-44.

Descrición: Sobre dous pasos de escaleira de pranta cuadrangular aséntase un pedestal cúbico do cal emerxe un fuste prismático octogonal que remata nun capitel troncopiramidal invertido e unha cruz latina lisa cujos brazos están labrados nos seus extremos.

Aspectos sociais: A procesión da Santa Margarita, celebrada o último domingo de xullo, ("sempre cadra pola feira de Melide", informante 78 anos), saía da igrexa parroquial e daba a volta ao cruceiro para regresar de novo ao templo.



Cruceiro de San Miguel de Coence


O CRUCEIRO DE SAN MIGUEL DE COENCE

Localización: Na aldea de San Miguel, a 6 Qms., ao sul da vila de Palas; perto da igrexa parroquial, (románica, de mediados do s. XIII), fóra do seu atrio-cemiterio e mirando cara a fachada do templo, nun espacio aberto de certo grado de pendente.

Coordenadas: 42 50 00 N 7 54 00 O Cartografía 122-14.

Descrición: sobre dúas gradas de escaleira de pranta cuadrangular xurde un pedestal troncopiramidal do que emerxe un fuste prismático octogonal, (200 cms., de alto), que culmina nun capitel cúbico que sostén unha cruz latina. O capitel está agrietado na base.

Aspectos sociais: A procesión saía da igrexa e daba a volta ao cruceiro para regresar ao templo, (San Miguel - 29 de setembro, San Marcos - 25 de abril).



Cruceiro de San Mamede de Coence


O CRUCEIRO DE COENCE, (SAN MAMEDE)

Localización: Perto da aldea de Coence, a 6,5 Qms., ao Sul da vila de Palas, no entorno da igrexa parroquial, (barroca, do s. XVIII); situado no terreo dunha finca particular, no alto da finca e ollando a fachada da igrexa.

Coordenadas: 42 49 39 N 4 11 48 O Cartografía 122-14.

Descrición: Sobre unha escaleira de dous pasos de pranta cuadrangular, asenta un pedestal cúbico do que emerxe un fuste cúbico na base, octogonal no seu desenvolverse e cúbico de novo antes do capitel con molduras. Coroa o cruceiro unha lisa e delgada cruz. Fuste e cruz miden catro metros de altura. No anverso do pedestal parece estar grabada a data de 187?.

Aspectos sociais: A procesión do San Mamede, (17 de agosto), saía pola porta da fachada ata o cruceiro, dando a volta ao mesmo e deixándoo á esquerda regresaban ao templo pola porta da fachada. Hai un conflito entre os veciños da aldea de Coence e os de Gontá, impedindo os de Coence algún ano que a procesión do día do patrón entre na finca e dé a volta ao cruceiro.



Cruceiro de Cuiña

O CRUCEIRO DE CUIÑA, (SANTA MARÍA)

Localización: Na aldea de Cuiña, a 6,5 Qms., ao Noroeste da vila de Palas. Nun cruce de camiños a dous centos de metros da igrexa parroquial. Da nome ao barrio do Cruceiro.

Coordenadas: 42 54 32 N 7 54 33 O Cartografía 96-34.

Descrición: Sobre unha escaleira cuadrangular de cinco gradas nun lado e tres no outro sobre as que se apoia unha mesa de pedra e un pedestal troncopiramidal do que xurde un fuste prismático octogonal, (164 cms., de alto), rematado nun capitel troncopiramidal invertido sen figuración e que sostén unha cruz lisa cos extremos a xeito de coroas.




Cruceiro de Hércora - Cuíña

O CRUCEIRO DE HÉRMORA - CUIÑA, (SANTAMARÍA)

Localización: Na aldea de A Hermita ou tamén chamada Hércora, a 8,5 Qms., al Noroeste da vila de palas, en pleno Monte Careón, zona liminal co concello de Toques. O cruceiro atópase situado nunha encrucillada de tres camiños, perto da capela pero fóra do seu atrio-cemiterio.

Coordenadas: 42 55 22 N 7 55 32 O Cartografía 96-24.

Descrición: Sobre tres gradas feitas de cachotería e de pranta cuadrangular, emerxe un pedestal cúbico, do que ascende un fuste prismático cuadrangular con dúas estrías en cada lado, (164 cms. de alto). Culmina nun capitel de molduras cóncavas e unha cruz latina lisa.

*Cruceiro de Curbián*

O CRUCEIRO DE CURBIÁN, (SAN MARTIÑO)


Localización: Na aldea de Curbián, a 4 Qms., ao Suloeste da vila de Palas. Situado pertiño da igrexa parroquial, (románica de comenzos do s. XIII), no lado da cabeceira, nun cruce de camiños. Orixinariamente estaba situado perto da casa de Carballo, nun cruce de camiños, a uns dous centos metros da igrexa parroquial.

Coordenadas: 42 51 42 N 7 54 20 O Cartografía 96-44.

Descrición: Sobre unha escaleira de dous pasos e pranta cuadrangular, (un dos seus pasos case totalmente cuberto polo solo); do pedestal de molduras cóncavo-convexas emerxe un fuste prismático que remata nun capitel troncopiramidal invertido presidido por unha lisa cruz latina.

Aspectos sociais: A procesión do San Martiño ía ata ao cruceiro, situado antes perto da casa de Carballo, nun cruce de camiños, e regresaba ao templo.

Nas beiras do camiño da igrexa e nos elevados arredores das leiras colindantes co camiño, case incrustadas nos valados, hai sete **crucos** nun lado e seis no outro, sobre pedestal; son de pedra, lisas, traídas do atrio-cemiterio polo anterior cura párroco.



Cruceiro de Filgueira

O CRUCEIRO DE FILGUEIRA, (SANTO TOMÉ)


Localización: Na aldea de Filgueira, a 2,3 Oms., ao Norte da vila de Palas. Perto da igrexa parroquial e o seu atrio-cemiterio, nun cruce de camiños, e a carón da estrada de Friol.

Coordenadas: 42 53 12 N 7 51 58 O Cartografía 96-34.

Descrición: sobre dous pasos de escaleira de pranta cuadrangular colócase un pedestal cúbico do que emerxe un fuste prismático octogonal, (240 cms. de altura), que remata nun capitel troncopiramidal invertido, e unha sobria cruz latina lisa coroa o cruceiro. Unha inscrición no pedestal sinala a data de 1947, data de construción pola cuadrilla de canteiros de Filgueira.

Aspectos sociais: Na procesión tiña moita importancia o cruceiro; saían da igrexa pola porta grande, a da fachada, ían ata o cruceiro e daban a volta nel, deixándoo á esquerda, regresaban ao atrio e daban unha volta ao templo antes de volver a entrar pola porta grande.

No seu cruce facíanse foliadas antes de situarse o cruceiro.



Cruceiro de Fontecuberta


O CRUCEIRO DE FONTECUBERTA, (SANTA MARIÑA)

Localización: Na aldea de Santa Mariña, a 3,4 Qms., ao Norleste da vila de Palas, perto da igrexa parroquial, románica; pero fóra do atrio-cemiterio, na lado da cabeceira; a carón da estrada de Palas. situado orixinalmente nunha fonte da aldea, fai 40 anos aproximadamente que foi cambiado para a actual situación.

Coordenadas: 42 53 31 N 7 50 27 O Cartografía 97-31.

Descrición: Asentado nunha escaleira de tres gradas, (unha das cales está tapada polo solo), e nun pedestal cubertos pola vexetación; o seu fuste, (173 cms., de alto, e sostido por dúas grapas de ferro), coróase por un capitel troncopiramidal invertido e unha sobria cruz grega lisa. Ten unha inscrición grabada no lateral do pedestal de imposible lectura a causa da erosión.

Aspectos sociais: Ata fai pouco a procesión da Santa Mariña, (18 de xullo), daba a volta ao cruceiro; pero hoxe só da a volta ao atrio.



Cruceiro de Laia

O CRUCEIRO DE LAIA, (SAN XOÁN)


Localización: Na aldea de Seoane, a 4 Qms., ao Norte da vila de Palas, por un desvío á dereita pouco antes de chegar a Laia. Perto do cemiterio, da súa entrada, e algo illado da igrexa parroquial, na beira dunha pista asfaltada.

Coordenadas: 42 54 14 N 7 52 00 O Cartografía 96-34.

Descrición: Sobre unha escaleira de pranta cuadrangular que ascende tres pasos ata o pedestal, pedestal cúbico do que emerxe un fuste liso circular estilizado, coroado por un capitel cúbico e unha cruz latina con figuración: Cristo crucificado nun lado, e a Virxen sobre a esfera do mundo no outro, en acto de orar e cunha espada clavada no corazón. Nas inscricións grabadas no pedestal pode lerse:

AÑO DE 1861

Aspectos sociais: A procesión tiña o seu recorrido ao redor da igrexa parroquial, e non ía ata o cruceiro.



Cruceiro de Leilón

O CRUCEIRO DE LEILÓN, (SAN CIBRAO DA REPOSTERÍA)

Localización: Nunha carballeira na aldea de Leilón, a 5 Qms., ao Sul da vila de Palas. Unha informante, (76 anos), pon o cruceiro en relación cunha misión ou coa capela neoclásica da Casa de Ouro, datada no 1871.

Coordenadas: 42 51 10 N 7 55 9 O Cartografía 96-44.



Cruceiro de Lestedo

O CRUCEIRO DE LESTEDO, (SANTIAGO)

Localización: Na aldea de Lestedo, na parroquia do mesmo nome, a 4,5 Qms., ao Leste da vila de Palas. Situado perto da igrexa parroquial, (barroca do século XVII), no lado da fachada, pero fóra do atrio. Nas inmediacións do Camiño Francés de Santiago.

Coordenadas: 42 52 24 N 7 48 53 O Cartografía 97-41.

Descrición: Sobre unha escaleira cuadrangular, (180 cms., de lado), de dúas gradas de altura, sitúase un pedestal cúbico e unha mesa de pedra adicada a ofrendas. No pedestal pódense leer as seguintes inscrición:

-Anverso:

MISIÓN
DE LESTEDO
AÑO DE 1860
SE CONCEDEN

-Lateral:


REZANDO
CINCO VECES
LA ORACIÓN
DEL
PATER NOSTER
AVE MARÍA
Y GLORIA

-Reverso:

EN MEMORIA
DE LA PASIÓN
Y MUERTE
DE
JESUCRISTO
NUESTRO
SEÑOR

O fuste cuadrangular na súa base, octogonal no tronco e cuadrangular de novo pero do capitel, capitel troncopiramidal invertido que ten molduras cóncavo-convexas; sobre unha delgada e sinxela cruz lisa.

Aspectos sociais: Na procesión do Santiago, (25 de xullo), a comitiva da unha ao atrio, logo da volta polo cruceiro e volve a entrar na igrexa por onde saíu, a porta grande.



Cruceiro de Maceda


O CRUCEIRO DE MACEDA, (SAN MIGUEL)

Localización: Na aldea de Maceda, a 5 Qms., ao Norte da vila de Palas. Situado na beira da estrada de Friol, a un cento de metros da igrexa parroquial, foi cambiado de sitio uns tres metros en setembro do 1992, porque molestaba a entrada no seu curro dun veciño que lle engadiu como base unha xamba de pedra de gra da entrada do seu curro que foi arrancada, dita xamba, por un tractor.

Coordenadas: 42 54 30 N y 7 52 46 O Cartografía 96-34.

Descrición: Sobre unha base cúbica, (un bloque de pedra de gra), ascende un pedestal que se vai estreitando a medida que ascende o seu cubo; un corto fuste octogonal, (87 cms.), únese ao capitel mediante un capitel troncopiramidal invertido; coroa o cruceiro unha sobria cruz.

Foi reforzado o seu pedestal con cemento co cambio de lugar.



Cruceiro de Marzá


O CRUCEIRO DE MARZÁ, (SANTA MARÍA)

Localización: Na aldea de Marzá, a 2,5 Qms., ao Sul da vila de Palas. Situado perto da igrexa parroquial, (Románica, do s. XIII), diante da fachada, pero fóra do atrio-cemiterio.

Coordenadas: 42 51 47 N 7 51 40 O Cartografía 96-44.

Descrición: Sobre unha escaleira de dúas gradas de pranta cuadrangular asenta un pedestal cúbico con molduras, do cal ascende un fuste prismático octogonal que culmina nun capitel troncopiramidal invertido e unha cruz latina lisa.

Aspectos sociais: A procesión da festa da Nosa Señora, (15 de agosto), da a volta ao templo e ao cruceiro parroquial.



Cruceiro do Mato

O CRUCEIRO DO MATO, (SAN XOÁN)


Localización: Na aldea do Mato, da parroquia do mesmo nome, a 6,6 Qms., ao Oeste da vila de Palas de Rei. Perto da igrexa parroquial, pero fóra do "adro". Nas súas inmediacións discurre o Camiño Francés de Santiago.

Coordenadas: 42 53 00 N 7 55 40 O Cartografía 96-34.

Descrición: sobre unha base ou plataforma de forma cuadrangular, dunha grada, hoxe case totalmente tapada polo asfalto, aséntase un pedestal con molduras cóncavas nos seus catro lados; o fuste é octogonal ata os tres cuartos de altura e cilíndrico na súa parte superior; o capitel ten forma ovoide con figuración de eses a xeito de adorno; na cruz Cristo crucificado no anverso, e no reverso a Virxe das Angustias, con sete puñais clavados no seu corazón, tres a súa dereita, e catro a súa esquerda, representando as sete dores.

Aspectos sociais: A procesión da festa do San Xoán, (24 de xuño), daba a volta á igrexa primeiro e ao cruceiro despois, regresando ao interior do templo.

Bibliografía: LAREDO J. M.: "Cruceiro de San Xoán do Mato", Sección Galicia, La Voz de Galicia, 23-5-87.



Cruceiro de Meixide


O CRUCEIRO DE MEIXIDE, (SAN PEDRO)

Localización: Na aldea de San Pedro, a 5 Qms., ao Oeste da capital municipal. situado nun espacio aberto perto da igrexa parroquial, (románica de fins do s. XII), fóra do atrio-cemiterio, no lado da cabeceira. Un forte impacto dun camión fixo fender a súa plataforma e o cura párroco quere cambialo de sitio, fóra da pista asfaltada.

Coordenadas: 42 53 01 N 7 54 33 O Cartografía 96-34.

Descrición: Sobre dous pasos de escaleira de pranta cuadrangular e moi afectados polo alquitrán da pista que o atravesa, asenta un pedestal cúbico do que emerxe un fuste prismático octogonal, (240 cms., de altura), de desenvolvemento cúbico e que culmina nun capitel cúbico con decoración vexetal; presidido por unha cruz latina, coa figura da Virxen orante nun lado e de Cristo crucificado no outro.

Aspectos sociais: A procesión das festas do San pedro, (29 de xuño), daba volta ao cruceiro e regresaba ao templo.



Cruceiro de Moredo


O CRUCEIRO DE MOREDO, (SAN FIZ)

Localización: Na aldea de San Fiz, a 8,7 Qms., ao Norte da vila de Palas. Situado no interior do atrio da igrexa, a carón da cabeceira.

Coordenadas: 42 56 15 N 7 53 25 O Cartografía 96-24.

Descrición: Cruceiro asentado sobre unha grada de pranta cuadrangular e sobre ela un pedestal con forma cúbica e con mesa de pedra; o fuste estriado reduce o seu número de estrías na metade da súa lonxitude e coronoa un capitel con decoración vexetal e animal. Unha pequena cruz enmarcada cunha moldura preside a altura.

Aspectos sociais: Era un elemento importante na procesión das festas, pois a procesión daba a volta ao seu redor. É o cruceiro parroquial, identificado como tal polos seus feligreses.




Cruceiro de Orosa

O CRUCEIRO DE OROSA, (SAN ANDRÉS)

Localización: Na aldea de Corral de Abaixo, a 7 Qms., ao Oeste da vila de Palas, na beira da estrada N-547 Lugo-Santiago; perto da igrexa parroquial pero fóra do seu atrio cemiterio, nun espazo aberto, pero afogado na súa base polo alquitrán.

Coordenadas: 42 53 22 N 7 56 15 O Cartografía 96-33.

Descrición: Sobre unha base de escaleiras de pranta cuadrangular totalmente cuberta polo alquitrán emerxe unha parte do pedestal cóncavo, que sostén un fuste prismático octogonal, (215 cms. de alto), que culmina nun capitel troncopiramidal invertido e unha cruz latina lisa, labrada e enmarcada por molduras.




Cruceiro de Palas

O CRUCEIRO DE PALAS, (SANTIRSO)

Localización: Na vila de Palas de Rei, capital municipal, a carón da igrexa parroquial, (de orixen románica, de fins do s. XII), na súa cabeceira; pero foi cambiado a fins dos anos cincuenta deste século do seu asentamento orixinario, no Cruceiro, a uns vinte metros do actual, no cruce de camiños; deu o nome de Cruceiro ao barrio. A razón do cambio foi a construción dun camiño cara o cemiterio, intransitable antes.

Coordenadas: 42 52 26 N 7 52 00 O Cartografía 96-44.

Descrición: Sobre unha escaleira de tres pasos de pranta cuadrangular, asenta un pedestal cóncavo do que emerge un fuste octogonal que remata nun capitel con molduras; coroa o cruceiro unha cruz lisa e delgada. No pedestal hai unha pequena pía da auga bendita.



Cruceiro da Travesía do Peregrino-Palas


O CRUCEIRO DA TRAVESÍA DO PEREGRINO - (PALAS, SAN TIRSO)

Localización: No inicio da Travesía do Peregrino, rúa da vila de Palas, lugar de paso do camiño de Santiago; está situado nunha pequena zona axardinada.

Coordenadas: 42 52 28 N 7 52 00 O Cartografía 96-44.

Descrición: sobre unha escaleira cuadrangular de dúas gradas, nunha das cales ten a inscrición grabada no granito: CAMIÑO DE SANTIAGO; un pedestal cúbico suxeta un fuste octogonal coroado por un capitel con decoración vexetal e unha cruz, en cuio anverso esculpe o tema da Crucifixión de Cristo e no reverso a Virxen orante.

Foi construído fai aproximadamente seis anos.




Cruceiro de Pibre

O CRUCEIRO DE PIBRE, (SANTA MARÍA)

Localización: Na aldea de Pibre, a 6,4 Qms., ao Sul da vila de Palas; nas inmediacións do campo da romería, unha carballeira, alonxado un cento de metros do templo parroquial, (século XII).

Coordenadas: 42 49 48 N 7 54 48 O Cartografía 122-14.

Descrición: Sobre unha escaleira de tres gradas e con forma cuadrangular na pranta, un pedestal e unha mesa cun apoio soportan un fuste prismático cun capitel estruturado a xeito de dentes de serra e coroado por unha sobria cruz lisa. A súa pedra de gra está moi pulida.



Cruceiro da Pontemercé-Pidre


O CRUCEIRO DA PONTE MERCÉ - PIDRE - (SANTA MARÍA)

Localización: Na aldea da Pontemercé, a 7,3 Qms., ao Suloeste da vila de Palas, na beira dereita do río Ulla, a uns cen metros da capela, do outro lado do río, capela da Nosa señora do Rosario, de orixen románica; medieval tamén é a Ponte. Situado no cruce da estrada de Antas con un camiño.

Coordenadas: 42 49 05 N 7 54 50 O Cartografía 122-14.

Descripción: Sobre un pedestal de base cuadrada ascende un fuste ou "Vara", (240 cms., de altura), cúbico na base, octogonal no seu ascenso e de novo cúbico perto do capitel; a cruz é grega i está lisa enmarcada en molduras, sen decoración.

Aspectos sociais: A procesión da Virxen do Rosario, (primeiro domingo de outubro), da a volta a este cruceiro para logo á capela. A cruz é máis antiga que a vara e o pedestal; o pedestal ten grabada a data de 1979 na súa parte superior.



Cruceiro da Puxeda


O CRUCEIRO DE A PUXEDA, (SANTA MARÍA)

Localización: Na aldea de A Puxeda, a 6,5 Qms., ao Norte da vila de Palas. No rueiro da aldea, fóra do atrio-cemiterio da igrexa parroquial, a escasos metros.

Coordenadas: 42 54 58 N 7 50 28 O Cartografía 97-31.

Descrición: Sobre dúas gradas de escaleira de pranta cuadrangular, (150 cms., de lado), acementadas brutalmente, un pedestal cúbico soporta un fuste, (240 cms., de alto), cúbico na base e octogonal ata o capitel decorado por anxos e elementos vexetais, coroado por unha delgada cruz latina, con esferas nos extremos, (unha das esferas está rota). Unha inscrición no pedestal de difícilísima lectura parece sinalar a data de 1870.

Aspectos sociais: Non hai hoxe procesión ao seu redor, nen tampouco procesión.



Cruceiro de Quindimil


O CRUCEIRO DE QUINDIMIL, (SAN MIGUEL)

Localización: Na aldea de Quindimil, a 4 Oms., ao Noroeste da vila de Palas. situado perto da igrexa parroquial, (feita no s. XIX), pero fóra do seu atrio-cemiterio.

Coordenadas: 42 53 51 N 7 53 19 O Cartografía 96-34.

Descrición: sobre unha escaleira de pranta cuadrangular, removida polo asfaltado dunha pista, asenta un pedestal cúbico do cal ascende un fuste prismático octogonal que culmina nun capitel sen figuración; é coroado por unha cruz lisa. Nun lateral do pedestal ten inscritas unhas grabacións das que se poden leer: AÑO DE 1836.

Aspectos sociais: A procesión do San Miguel, (29 de setembro), ou a do Carme, (16 de xullo), saía da igrexa pola porta grandem daba a volta no cruceiro e regresaba ao templo.



Cruceiro da Pena-Quindimil


O CRUCEIRO DA PENA - QUINDIMIL - (SAN MIGUEL)

Localización: Na aldea de A Pena, a 4 Qms., ao Noroeste da vila de Palas. Na beira do camiño, e algo escondido pola vexetación.

Coordenadas: 42 54 10 N 7 53 12 O Cartografía 96-34.

Descrición: Sobre unha grada cuadrangular e unha base cúbica rodeada de silvas emerxe un fuste octogonal que se fai cúbico perto do sobrio capitel troncopiramidal invertido, coroado por unha delgada cruz labrada de xeito hexagonal.

Aspectos sociais: A súa fábrica non está crara, unha informante di que está en relación co recordo da morte dun home que alí morreu hai máis de 90 anos. Pero outro di que non houbo tal morte alí, senón na festa do Carmen en Quindimil foi asesinado un veciño de Maceda, e poxéranlle no sitio unha cruz de madeira. O certo é que non atopamos inscricións nen os veciños máis vellos lembran cando se construiu.



Cruceiro de Remonde

O CRUCEIRO DE REMONDE, (SAN MIGUEL)

Localización: Na aldea de Remonde, a 7 Qms., ao Suloeste da vila de Palas. A un cento de metros da igrexa parroquial, nun espacio aberto no cal se cruzan tres camiños.

Coordenadas: 42 52 02 N 7 57 09 O Cartografía 96-43.

Descrición: Sobre un pedestal cúbico elévase un fuste prismático, (205 cms., de alto), que soporta unsinxele capitel e unha sobria cruz latina. Na actualidade é restaurado no módulo de cantería da Escola Taller "Terra da Ulloa", pois foi roto por un camiión.



Cruceiro de Ribeira


O CRUCEIRO DE RIBEIRA, (O SALVADOR)

Localización: Na aldea de Ribeira, a 9 Qms., ao Norleste da vila de Palas. Perto da igrexa parroquial, nun espacio aberto, fóra do atrio-cemiterio, no que se cruzan varios camiños. No seu entorno celebrábase a romería.

Coordenadas: 42 55 30 N 7 47 48 O Cartografía 97-21.

Descrición: Sobre unha escaleira de dúas gradas cuadrangulares e cubertas en parte por cemento; un pedestal cúbico suxeta un fuste prismático octogonal que remata nun capitel troncopiramidal invertido, con colariño, e que soporta unha delgada e lisa cruz latina.

Aspectos sociais: A procesión, (O Salvador - 6 de agosto), saía pola porta grande ía cara a esquerda dando a volta ao templo, continuando cara o cruceiro, no que xiraba, deixándoo á esquerda e regresando á igrexa parroquial. Segundo un informante, (74 anos), o cruceiro foi feito fai 60 anos aproximadamente; e para costear a súa fábrica venderan os veciños un "castiro" que había no atrio-cemiterio, coa súa ganancia e coa axuda económica dos veciños fixeron o cruceiro; que foi derrubado por un tractor fai 4 anos; tivo que facerse unha "vara" de novo e pagou o seu arranxo o seguro do tractor.



Cruceiro de Salaia

O CRUCEIRO DE SALAIA, (SAN PEDRO)

Localización: Na aldea de Salaia, a 4 Qms., ao Norte da vila de Palas. Perto da igrexa parroquial, pero fóra do atrio, no lado Sul e divisando a fachada.

Coordenadas: 42 54 20 N 7 50 55 O Cartografía 97-31.

Descrición: Asentado sobre tres escaleiras de pranta cuadrangular, (230 cms., de lado), está o pedestal cúbico con inscrición nun lateral no que se pode leer a data de 1878; sobre del colócase un fuste, (235 cms., de alto), hexagonal de na súa base, octogonal no seu tronco e circular perto do capitel. Un capitel cúbico con decoración vexetal e figurativa, coroado por unha cruz na que se esculpen o tema da Crucifixión nun lado e o da Virxen orante no outro.



Cruceiro de Sambreixo

CRUCEIRO DE SAMBREIXO, (SANTAMARÍA)


Localización: Na aldea de Sambreixo, na parroquia do mesmo nome, a 6 Qms., ao Oeste da vila de Palas. Nunha encrucillada, no centro da aldea, a uns cen metros da igrexa parroquial, (s. XIX), e perto do Oratorio da Santa Cruz.

Coordenadas: 42 52 04 N 7 55 34 O Cartografía 96-44.

Descrición: sobre unhas tres gradas de escaleira de pranta cuadrangular, (afogadas polo alquitrán), asenta un pedestal cóncavo do que emerxe un fuste, (250 cms., de altura), cúbico na base, octogonal no tronco e de novo cúbico perto do capitel, capitel que sostén unha cruz que suxeta a figura de Cristo crucificado, colocada no 1989 logo de seren derrubada por un automóbil.

Aspectos sociais: As procesións circunvalan o cruceiro antes de voltar á igrexa. Foi derrubado por un coche a fins dos anos 80 deste século, polo que a cruz tivo que ser feita de novo e púxoselle unhas cadeas de protección.

O seu entorno foi campo da romería ata os anos 80 do s. XX. O anterior cura párroco situou unhas laxes de pedra erguidas co galo de defender o cruceiro de posibles choques; as laxes foron traídas do atrio da igrexa de Curbián.




Cruceiro de Vilareda

O CRUCEIRO DE VILAREDA, (SAN PEDRO)

Localización: Na aldea de Puricelas, a 3,8 Qms., ao Sul da vial de Palas. Nas inmediacións da igrexa parroquial, pero fóra do atrio-cemiterio, no lado da fachada do templo románico de fins do século XII ou comezos do XIII. No atrio-cemiterio hai un espléndido viacrucis de pedra.

Coordenadas: 42 51 00 N 7 51 33 O Cartografía 96-44.

Descrición: Sobre unha escaleira cuadrangular de dúas gradas, unha tapada en parte polo alquitrán, sobre as que se coloca un pedestal cóncavo de base cuadrada; do pedestal emerxe un fuste prismático octogonal, (300 cms., de altura), que culmina nun capitel troncopiramidal invertido e unha cruz lisa e sobria.



Cruceiro do Mosteiro de Vilar de Donas

O CRUCEIRO DO MOSTEIRO DE VILAR DE DONAS, (O SALVADOR)

Localización: Na aldea de Vilar donas, a 6 Qms., ao Leste da vila de Palas, a carón do Mosteiro fundado a mediados do século XII, (ver bibliografía); pero a ubicación actual non é a primixenia, nun cruce de camiños a 150 mts., aproximadamente, nen tampouco conserva totalmente a súa fábrica orixinal, pois co cambio de ubicación perdeu as catro escaleiras da plataforma; o cambio sucedeu cando asfaltaron o camiño.

Coordenadas: 42 53 34 N 7 48 25 O Cartografía 97-31.

Descrición: Sobre unha base de cantería de pedra de gra con forma cuadrangular colócase un pequeno pedestal cuadrangular, sobre o que ascende un fuste octogonal, que soporta unha cruz prismática, sobria e de pouca altura, unida ao fuste sen capitel intermedio.

Aspectos sociais: Antes do cambio de ubicación era un elemento importante na procesión da festa do San Antón, (ver cruceiro da carballeira de Vilar de Donas).

Bibliografía: NOVO CAZÓN X. L.: O legado santiaguista de Vilar de Donas, Dirección Xeral do Patrimonio, Santiago, 1989.

Aspectos sociais: Este cruceiro tiña un papel destacado na festa do San Antonio Abade, (13 de xuño). No primeiro día da festa, o San Antonio pequeno, a misa celebrábase na igrexa do Mosteiro, e a procesión ía dende o mosteiro ata a capela de San Antón, dando a volta a dous cruceiros, un ao do mosteiro, (hoxe non está na súa ubicación primeira), deixándoo á esquerda, e ao outro o que chamamos da carballeira, tamén deixándoo á esquerda; o segundo día da festa os santos e a xente saían da capela de San Antón, daban a volta ao denominado "cruceiro do camiño", (hoxe recuperado), e regresaban ao Mosteiro.

Bibliografía: "O cruceiro de Vilar de Donas", Cruceiros, Sección Galicia, La Voz de Galicia, 19-9-92.




Cruceiro da Carballeira de Vilar de Donas

O CRUCEIRO DA CARBALLEIRA DE VILAR DE DONAS, (O SALVADOR)

Localización: Na aldea de Vilar donas, na parroquia do mesmo nome, a 6 Qms., ao Leste da vila de Palas. situado no entorno do campo da festa, nunha carballeira, perto da capela de San Antón, de fachada neoclásica.

Coordenadas: 42 53 30 N 7 48 30 O Cartografía 97-31.

Descrición: sobre unha ampla plataforma cuadrangular de cinco gradas, aséntase un pedestal de medio metro de altura, cuadrangular na base e cóncavo sobre a base, e que suxeta un fuste cilíndrico con estrías, e que culmina nun capitel clásico con volutas e cabezas de anxos, coroado por unha cruz con pequenas esferas nos tres extremos dos seus brazos, e sen máis figuración. En contra do que afirma e dibuxa Laredo Verdejo, (ver bibliografía), este cruceiro non posúe ningunha figura de Cristo crucificado na súa cruz, nen nunca a tivo segundo a memoria dos máis vellos do lugar. O que sí ten é esferas nos extremos dos brazos e o INRI no anverso.



Cruceiro pequeno de Vilar de Donas

O CRUCEIRO PEQUENO DE VILAR DE DONAS, (O SALVADOR)

Localización: Perto do campo da festa de Vilar donas, nun cruce de camiños hoxe non usado, un deles viña de Palas, e outro ía cara Castro Vilar. Ata fai pouco, (1993), estaba oculto entre os toxos, hoxe a zona rozouse e limpouse, e o pequeno cruceiro foi cambiado de sitio uns metros, para centralo no camiño. Protagonistas destes cambios foron membros da Asociación Cultural e de Veciños "A Capela".

Coordenadas: 42 53 28 N 7 48 40 O Cartografía 97-31.

Descrición: Asentado sobre un pedestal troncopiramidal, (30 cms., de altura) no cal ten unhas inscricións grabadas (*), sobresaie un corto fuste que semella foi roto, e que ascende estriado ata dúas molduras a xeito de capitel e que sosteñen un bloque de pedra en cuio reverso inscíbese o tema da Virxen co Neno baixo unha arcada, e no anverso unha cruz grega. O pedestal foi arrodado e cuberto en parte por unha capa de terra, e o fuste foi asegurado con cemento ao pedestal. O fuste e a figuración do remate miden 62 cms., de altura.

Aspectos sociais: Antigamente a procesión do segundo día do San Antón, (13 de xuño), daba a volta a este cruceiro para logo regresar á capela do Mosteiro.

(*) **Inscricións:**

ESTRUCTURA DOS CRUCEIROS DE PALAS DE REI

Gradas.

O número de gradas varía en grande medida:

* Sen gradas ou escaleiras temos os cruceiros de remonde, Maceda, Berbetouros, Orosa, Pontemercé (Pidre), e o cruceiro pequeno de Vilardonas. Con asento directo sobre o pedestal.

* Cunha grada están os cruceiros de O Mato, Moredo, A Pena (Quindimil), Carballal (San Mamede); Quindimil e Leilón.

* Con dúas: os de Vilaríño (Augasantas), Lestedo, Vilareda, A Puxeda, Filgueira, San Xulián do Camiño, Meixide, Coence (San Miguel), Carballal (San Sebastián), Marzá, Ribeira, Curbián, Coence (San Mamede), e o da Travesía do Peregrino, (vila de Palas).

* Con tres: os de Salaia, Pidre, Albá, Cabana, Sambreixo, Fontecuberta, Laia, Hérmora, (Cuíña), e Palas (o da igrexa).

* Con cinco: o cruceiro da Carballeira de Vilardonas.

O de Cuíña posúe cinco gradas nun lado e tres do outro. A grande maioría das escaleiras teñen forma cuadrangular e son feitas de pedra de gra, agás o de Hérmora que está feita de cachotería.

Pedestais.

O pedetal predominante nos cruceiros de Palas de Rei é o de forma cúbica, outros son cóncavos, (os de O Mato, Vilareda, Sambreixo, Orosa, Curbián e Palas), troncopiramidais, (os de Maceda, Cuíña, San Miguel de Coence, e o cruceiro pequeno de Vilardonas), e o cilíndrico de Berbetouros.

Os cruceiros que teñen **mesa de pedra** son os de Moredo, Lestedo, Pidre, Albá, Cabana, e Cuíña. Esta mesa servía segundo Castela, (20), como altar se dependía dunha igrexa ou santuario, ou como pousadoiro de cadaleitos se se relacionan con encrucilladas.

Os fustes ou varas.

O predominante é o octogonal, moitas veces cuadrangular na base e perto do capitel; distintos desta xeneralidade son os cruceiros de Moredo, o da carballeira de Vilardonas, e o pequeno de Vilardonas, que son cilíndricos e con estrías. O do Mato é octogonal ata os tres cuartos de altura e cilíndrico perto do capitel. O de Salaia é hexagonal na base do fuste, octogonal no seu desenvolvemento e cilíndrico perto do capitel.

Liso e cilíndrico é o de Laia.

Como no resto de Galicia o máis común é o octogonal.

Os capiteis.

Hai que distinguir en primeiro lugar os cruceiros do Mosteiro de Vilardonas e o cruceiro pequeno de Vilardonas, pois non teñen propiamente un capitel, no primeiro caso o fuste únese directamente á cruz, e no segundo son dúas molduras as que fan de capitel.

O capitel predominante dos cruceiros de Palas é o troncopiramidal invertido, con molduras e sen figuración. Pero hai outros cruceiros con capiteis característicos que mere-

20.-RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: As cruces de pedra na Bretaña, Ed. Galaxia, Vigo, 1992.

cen seren destacados. son o capitel ovoide do cruceiro do Mato, os capiteis con figuración e decoración vexetal de: Salaia, A Puxeda, Cruceiro da carballeira de Vilar donas, Cruceiro da Travesía do Peregrino (vila de Palas), Moreda e Berbetoros. Tamén se distinguen como peculiares os capiteis cúbicos con molduras cóncavas de A Hermita, da Pontemercé, do Carballal (San Mamede), de San Miguel de Coence; e os capiteis con molduras a xeito de dentes de serra de Pidre e de Quindimil.

As cruces.

A cruz predomiñante na zona é a lisa, sen figuras, con algunha moldura como marco, ou cos extremos con esferas ou outro tipo de remates.

Son oito os cruceiros que posúen unha cruz con figuración escultórica:

- Cruceiro de O Mato: O crucificado no anverso e a Virxe das Angustias no reverso.
- Cruceiro de Salaia: O Crucificado no anverso e a Virxe orante no reverso.
- Cruceiro de Berbertouros: Un baixorelevo do Crucificado no anverso.
- Cruceiro de Albá: O Crucificado no anverso e a Virxe orante co cálice no reverso.
- Cruceiro de Sambreixo: O Cristo crucificado no anverso.
- Cruceiro de Laia: O Crucificado no anverso e no reverso a Virxen sobre a esfera do mundo en actitude orante e cunha espada clavada no corazón.
- Cruceiro de Meixide: O Crucificado no anverso e a Virxen orante no reverso.
- Cruceiro da Travesía do Peregrino: Crucificado no anverso e a Virxen orante no reverso.

APROXIMACIÓN ANTROPOLÓXICA AO SEU SIGNIFICADO SOCIOCULTURAL

O cruceiro, na zona estudada, conserva aínda o seu exercicio como símbolo da identidade parroquial; e hai parroquias como a de Ferreira (San Martiño), que pretenden recuperar o seu antigo cruceiro, hoxe sen él; outras como a de Remonde ten o seu cruceiro a restaurar no Módulo de Cantería da escola Taller "Terra da Ulloa" - Palas de Rei. Son os valores da tradición e da modernidade os que se debaten nestes casos entre construír un cruceiro totalmente novo, seguindo ou non a pauta do antigo, ou restaurar o tradicional intentando respetar os seus principios formais. Este debate tan común na Galicia de hoxe forxará o noso futuro.

Cruceiro como símbolo da identidade parroquial demostrado nas procesións que aínda hoxe se manteñen, anque en menor número que fai medio século; demostrando no caso da parroquia de Vilar donas, na recuperación do seu cruceiro pequeno e do seu entorno.

Pero o significado relixioso perde prácticas, e así ao pasar diante dun cruceiro son xa poucas as persoas que fan a sinal da cruz, como así sucedía moi xeralmente.

Non esgotamos aquí o tema, pero si que damos unhas pequenas notas que poden servir como axuda para o entendemento dun elemento sociocultural tan importante para a Cultura Galega.

BIBLIOGRAFÍA

ARRIBAS ARIAS, F. e REIGOSA CARREIRAS, A.: "Cruces, cruceiros e petos de ánimas do Municipio de Lugo, (I), no BMPL, (Boletín do Museo Provincial de Lugo), v. 2, Diputación Provincial de Lugo, 1984.

BROZ REI X. M.: "Os Cruceiros da terra de Melide", no Boletín do Centro de Estudos Melidenses, (Museo da Terra de Melide), n.º 2, novembro 1983.

GIZ RAMIL, J.: PALAS DE REI, Ed. Everest, León, 1991.

LIZANCOS MORA, P.: "En novembro, falemos dos cruceiros", en Escola n.º 151, El Progreso, xoves, 25-11-1993.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: As cruces de pedra na Galiza, Ed. Akal, Madrid, 1975, (1950).

RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: As cruces de pedra na Bretaña, Ed. Galaxia, Vigo, 1992.

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M.: Cruces y cruceros del Municipio de Begonte, Diputación Provincial, Lugo, 1988.

TABOADA CHIVITE, J.: "La encrucijada en el folklore de Galicia", no Boletín Auriense V., 1975, páxs. 101-112.

VALLE PÉREZ, J. C.: "Los cruceros en la parroquia de Mourente - Pontevedra", en Gallaecia II, 1976, p. 201.

